

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE (ACIS) E A FUNDACIÓN INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (FIDIS) PARA A CONTINUIDADE DA ACTIVIDADE DA UNIDADE MIXTA: "ROCHE-CHUS JOINT UNIT FOR PRECISION ONCOLOGY"

En Santiago de Compostela, á data da firma dixital

REUNIDOS

Dunha parte, D. Julio García Comesaña, en calidade de presidente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (en diante ACIS), con CIF Q1500412J e domicilio social en Avda. Fernando de Casas Novoa, edificio CNL, nº 37, portal A-B, 1ª planta, CP 15707, Santiago de Compostela (A Coruña), en nome e representación da mesma e en virtude das facultades que lle confire o artigo 11 do Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e apróbanse os seus estatutos.

E da outra parte, Dna. Eloína Núñez Masid, comparece en nome e representación da Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (en adiante FIDIS), entidade sen ánimo de lucro, con sede en Travesa da Choupana, s/n, 15706 Santiago de Compostela, con CIF G15796683, inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Xunta de Galicia con número 2001/10. Actúa debidamente lexitimada para este acto, en virtude do seu cargo de presidenta do Padroado, no exercicio de poderes que lle foron conferidos o 23 de febreiro de 2017, inscritos no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego.

FIDIS e ACIS tamén poderán ser referidas, en diante, conxuntamente, como as "Partes" ou, individualmente, como a "Parte", segundo proceda.

As Partes, na súa respectiva representación, recoñécense capacidade legal necesaria para subscribir o presente convenio de colaboración para manter a actividade da Unidade Mixta Roche-Chus de Investigación para Oncoloxía de Precisión ("ROCHE-CHUS JOINT UNIT FOR PRECISION ONCOLOGY"), e a este efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que polo Decreto 112/2015, do 31 de xullo, creouse a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, adscrita á Consellería de Sanidade a través do

Servizo Galego de Saúde. Entre os seus fins xerais e obxectivos básicos está o de elaborar, en réxime de descentralización funcional, a planificación en materia de docencia, formación, investigación, innovación e avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios, en función dos criterios e obxectivos de planificación estratéxica definidos polo Servizo Galego de Saúde e pola Consellería de Sanidade e xestionar o coñecemento no Sistema público de Saúde de Galicia. A súa presidencia correspóndelle á persoa titular da Consellería de Sanidade.

Segundo.- Que FIDIS é unha fundación de interese galego, dedicada ao fomento da investigación, polo que ten a condición de "fundación de investigación sanitaria de Galicia".

Terceiro.- A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, segundo redacción dada pola Lei 1/2018, do 2 de abril, establece no artigo 131 que a Administración sanitaria promoverá a investigación biosanitaria, especialmente na súa vertente traslacional, como un instrumento para a mellora da saúde da poboación tendo en conta as prioridades marcadas nos plan de investigación e innovación vixentes en cada momento. Todos os centros e servizos sanitarios estarán en disposición de favorecer e desenvolver a investigación, e promoverán a cultura científica, tecnolóxica e de innovación. A Administración sanitaria tamén promoverá a valorización, a protección e a transferencia do amplo coñecemento xerado polo seu persoal e/ou nos seus centros co obxecto de que os resultados da investigación sexan transferidos á sociedade, así como un modelo de innovación aberta orientado a impulsar a creatividade, a cooperación e a aplicación no sistema sanitario dos cambios que acheguen valor a pacientes e profesionais.

Cuarto.- Que o Plan galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015 contemplou, na súa liña de actuación 4.2, a estimulación da creación de Unidades Mixtas entre Organismos de Investigación e empresas.

Quinto.- Que no ano 2014 a Axencia Galega de Innovación (GAIN) puxo en marcha o programa Unidades mixtas de investigación, como unha nova ferramenta no mapa de apoios públicos á innovación en Galicia, destinada á atracción de capital privado para axuntar o coñecemento e as capacidades dos organismos de investigación galegos coas demandas de innovación do tecido empresarial mediante a constitución de grupos mixtos de traballo para a realización conxunta de actividades de I+D+i.

Sexto.- Que a FIDIS (anteriormente denominada Fundación para a Investigación, Desenvolvemento e Innovación Ramón Domínguez) e Roche, en data 26 de marzo de 2015, subscribiron un acordo de colaboración polo que se regulan os termos e condicións que rexen a colaboración entre as Partes para a constitución e funcionamento da referida UMI Roche-Chus.



O obxectivo desta Unidade foi o desenvolvemento de solucións innovadoras para mellorar o diagnóstico, tratamento, avaliación e monitorización do cancro de mama e próstata de maneira individualizada. Céntrase no estudo de procesos metastásicos, coa finalidade de obter resultados con aplicación clínica maximizando as posibilidades de que a investigación reverta no Sistema de Saúde no menor tempo posible. Deste xeito pretendíase mellorar as expectativas e calidade de vida dos pacientes a través da oncoloxía de precisión.

A Unidade Mixta foi configurada como un proxecto traslacional no que participan oncólogos e investigadores de distintas disciplinas: bioloxía molecular e celular, química, dentro dun sistema adecuado para o desenvolvemento de proxectos de innovación en saúde.

Sétimo.- Que, con data 1 de outubro de 2018, FIDIS e Roche subscribiron un acordo de prórroga para a consolidación da devandita unidade, con obxecto de participar na convocatoria de consolidación destas unidades convocada por Gain para as anualidades 2019-2020 e 2021.

Oitavo.- Que, con data 22 de decembro de 2021, FIDIS e Roche subscribiron un novo acordo de prórroga para a consolidación da UMI Roche-Chus, mediante a continuación da actividade investigadora que veñen desenvolvendo no marco de constitución da UMI Roche-Chus, colaboración que lévase a cabo a través da realización de proxectos de investigación en Oncoloxía do Grupo de Oncoloxía Médica Traslacional de FIDIS, e que continuara en vigor ata o 31 de decembro de 2023.

Noveno.- Que, dados os bos resultados alcanzados na Unidade Mixta desde a súa creación, pretendíase con esta prórroga dar continuidade a esta iniciativa público-privada entre o Grupo de Oncoloxía Médica Traslacional do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, Oncomet e a empresa Roche Farma, a través dun novo proxecto colaborativo entre ambas as entidades. A través do presente convenio trátase de colaborar no mantemento das liñas de investigación que se teñen iniciadas nesta unidade, motivo polo que non é posible promover a concorrencia, neste caso.

Décimo.- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou de outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



Dada a especificidade do obxecto do convenio de colaboración, non procede a realización dunha convocatoria pública para o desenvolvemento das actuacións do mesmo, debido as especiais características e singularidade da FIDIS como centro de referencia no ámbito sanitario e en Ciencias da Saúde e da Unidade Mixta Roche-Chus de Investigación para Oncoloxía de Precisión ("ROCHE-CHUS JOINT UNIT FOR PRECISION ONCOLOGY").

Undécimo.- Este convenio de colaboración alíñase coa Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027 e co Plan Galego de Investigación e Innovación 2022-2024, en concreto no reto Reto 3 (modelo de vida saudable e envellecemento), Prioridade 3, Obxectivo estratéxico 1 e programa Integra.

Duodécimo.- Por todo o anterior, a efectos do establecido nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada Lei e no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as partes asinantes ACORDAN subscribir o seguinte convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS.

Primeira.- Obxecto

O obxecto do convenio de colaboración será a realización dun conxunto de actividades dirixidas a impulsar o fomento da investigación a través da continuidade da actividade da Unidade Mixta Roche-Chus de Investigación para Oncoloxía de Precisión ("ROCHE-CHUS JOINT UNIT FOR PRECISION ONCOLOGY").

Segunda.- Liñas de investigación

Todas as actividades terán como finalidade acadar unha investigación científica traslacional de excelencia, xunto co desenvolvemento e a innovación tecnolóxica, todo isto dentro das seguintes liñas de investigación:

- Biopsia Líquida, que se centra no estudo do material tumoral presente en distintos fluídos biolóxicos, principalmente sangue de pacientes con cancro de mama e próstata.
- Nano-oncoloxía, que se centra na xeración de novas ferramentas que permitan o diagnóstico, avaliación e monitorización do cancro mediante o uso da nanotecnoloxía, co obxectivo de ofrecer produtos con aplicación en oncoloxía.



- Modelización, que, a través de modelos *in vitro* e *in vivo*, pretende reproducir os eventos clave no proceso de metástase dos cancro epiteliales de mama e próstata, representando un escenario preclínico próximo á realidade do paciente. Estes modelos supoñen instrumentos para o estudo dos mecanismos principais da metástase, a caracterización molecular e funcional das células tumorales, ademais de ferramentas para o seu emprego en clínica.

Terceira.- Condicións económicas de financiamento da axuda

A ACIS financiará por un importe total de setenta e cinco mil euros (75.000 €) as actuacións executadas no exercicio 2023 dentro do obxecto e liñas de actuación deste convenio, con cargo á aplicación orzamentaria da ACIS 12.A1.561C.481.0, na cal existe crédito axeitado e suficiente.

A ACIS, efectuará o pagamento do importe estipulado no convenio, previa comprobación da realización do obxecto do convenio e validada a documentación xustificativa presentada na ACIS.

Poderán realizarse pagamento anticipado, de acordo co establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e nos artigos 63, 65 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No seu caso, o pagamento anticipado suporá entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo a actuación nos casos nos que o gasto aínda non estea realizado. Este pagamento anticipado quedará suxeito ás seguintes condicións:

- a) Coa sinatura do presente convenio poderá realizarse o pagamento anticipado do 50% da subvención total concedida para a anualidade 2023. Mediante resolución motivada poderá ampliarse a porcentaxe ata o 80 % do importe da axuda concedida.
- b) A concesión dos anticipos quedará condicionada ao cumprimento, por parte da entidade beneficiaria dos requisitos establecidos no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e realizarase mediante resolución motivada previa solicitude debidamente xustificada pola Fundación.
- c) Tras a xustificación do anticipo, a Fundación poderá presentar xustificacións en función do ritmo de execución da acción subvencionada que darán lugar a pagamentos a conta que, sumados ao importe anticipado, non poderán superar o 80% da subvención. O 20% restante aboarase no momento da completa execución por parte da beneficiaria e logo da comprobación do cumprimento das condicións establecidas nas cláusulas do convenio.



Cuarta.- Período de execución da actividade e prazo de xustificación

As actividades obxecto de axuda téñense que ter realizado dentro do período de execución comprendido dende o 1 de xaneiro do 2023 ata o 15 de decembro do 2023.

En todo caso, os períodos de realización de gastos (emisión facturas) e realización de pagos dos gastos executados pola FIDIS, deberán terse realizado dentro do período especificado. Considérase gasto realizado o que se leve a cabo dentro do período de execución e sexa efectivamente pagado antes do vencemento do prazo para a presentación da xustificación da axuda.

O prazo de xustificación de execución do proxecto realizarase ate o 15 de decembro do 2023.

Transcorridos o prazo indicado sen que a beneficiaria presentase a documentación solicitada, requirirase para que a presente no prazo improrrogable de dez días. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da axuda e a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste parágrafo non eximirá á beneficiaria das sancións que, conforme a lei, correspondan.

Recibida a documentación xustificativa da axuda, a ACIS, poderá solicitar as aclaracións ou informes que considere oportunos a través do enderezo electrónico xestion.acis@sergas.gal, ao cal deberán dirixirse as respostas no prazo de dez días hábiles.

No caso contrario solicitarase a documentación necesaria de acordo co establecido no parágrafo anterior.

A Comisión de seguimento considerada no presente Convenio determinará e validará a realización das actividades e a súa xustificación en sesión ordinaria logo da recepción da documentación requirida á FIDIS consistente nunha memoria detallada acreditativa da realización das actividades, da memoria económica abreviada comprensiva do desagregado dos pagamentos e dos gastos en que incorrera a FIDIS en execución das mesmas dentro do período indicado, e dos documentos xustificativos pertinentes.

Estes documentos xustificativos consistirán en documentación orixinal ou copias compulsadas das facturas ou documentos que teñan valor probatorio equivalente e en xustificantes de pagamento dos gastos realizados pola Fundación soportados mediante certificado bancario ou documento que teñan valor probatorio equivalente.



A axuda concedida será compatible con calquera outra destinada ao mesmo fin, calquera que sexa a súa natureza e a entidade que a conceda, sempre que, conxuntamente, non superen o custo da actividade.

Quinta.- Compromisos, publicidade e autorizacións

1. A FIDIS comprométese a:

a) Desenvolver as actividades concretas recollidas na cláusula segunda ao longo do ano 2023.

b) Pór a disposición dos profesionais dos grupos de investigación vinculados ao Servizo Galego de Saúde e á Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela os equipos e servizos de apoio á investigación da súa titularidade para o desenvolvemento das actuacións do presente Convenio.

c) Facerse cargo do seguimento, avaliación e control das actividades vinculadas á execución do presente Convenio.

d) Proceder ao reintegro, total ou parcial, da axuda percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

e) Subministrar toda a información necesaria para que ACIS poida dar cumprimento ás obrigas recollidas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que a beneficiaria non atenda ao requirimento de información en prazo, procederáse conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.

f) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control de destino das axudas concedidas e posibilitar a inspección e control dos órganos da ACIS co gallo de supervisar o cumprimento das actividades do convenio.

g) Comunicar á ACIS a concesión de calquera outra axuda concedida para o mesmo fin tan pronto se teña coñecemento da mesma.

h) No caso de cesión de datos cumprir as esixencias da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.

i) Cumprimento do disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.



j) Facerse cargo da comunicación e a publicidade asociadas ao presente Convenio e recoller á colaboración de ACIS nos distintos medios informativos destas actividades.

k) Dar consentimento expreso á ACIS para o cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, polo que a información relativa ao convenio requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicada á Base de datos nacional de subvencións (BDNS) a través da páxina web, www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index.

l) Dar consentimento expreso á ACIS para o tratamento necesario dos datos relevantes deste programa e a súa publicación na páxina web da Axencia e no Diario Oficial de Galicia, coas excepcións previstas no artigo 15.2ºd) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Pola súa parte, a ACIS comprométese a facerse cargo do orzamento necesario para a execución das actividades vinculadas ao Convenio conforme ás cláusulas do mesmo e dentro do importe máximo indicado.

3. Os asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que o seus datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

4. A sinatura do convenio comportará a autorización ao órgano xestor para consultar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a entidade beneficiaria poderá opoñerse a súa consulta polo órgano xestor, e nese caso deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

Sexta.- Gastos subvencionables

1. De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo co recollido na cláusula segunda e que se realicen no período que se indica na cláusula cuarta do convenio. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

2. Os custos asociados á adecuación das instalacións adicadas á investigación.



3. Os custos de mantemento de equipamento científico-técnico de material funxible non inventariable.

4. Os custos de persoal contratado exclusiva e especificamente para a realización da actividade obxecto da axuda, debendo constar expresamente no seu contrato laboral.

Non se financiarán os custos de persoal fixo vencellado funcional, estatutaria ou contratualmente á entidade beneficiaria.

5. Os custos de consultoría e servizos equivalentes destinados de maneira exclusiva á acción obxecto da axuda.

6. Os custos inherentes á preparación de actuacións formativas da acción obxecto da axuda, incluíndo o material docente ou formativo.

7. En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a Fundación acredite mediante a correspondente certificación que se encontra acollida ao réxime de exención do IVE.

Sétima.- Xustificación das axudas

Para ter dereito ao pagamento da axuda, a FIDIS en canto entidade beneficiaria deberá entregar a seguinte documentación axustada aos modelos que figuran no ANEXO I a este convenio:

a) Memoria final explicativa das actividades desenvolvidas e dos obxectivos acadados segundo o recollido no Modelo 1 do Anexo I.

b) Un resumo da execución das actividades (Modelo 2 Anexo I) asinado pola dirección da Fundación, no que conste o concepto do gasto, o proveedor, o importe (co IVE detallado) e a data de cada un dos xustificantes, agrupados por conceptos de gastos.

c) Documentación acreditativa de realización dos restantes gastos, que consistirá en orixinais ou copias compulsadas da documentación acreditativa dos investimentos ou actuacións consistentes en facturas dos provedores ou documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou eficacia administrativa, segundo o establecido no artigo 28.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. As facturas deberán conter suficiente información de detalle que permita relacionala co gasto xustificado. Cando a entidade beneficiaria non dispoña de facturas electrónicas, deberá achegar unha copia en formato PDF dos documentos



orixinais. En aqueles casos nos que a devandita información non sexa suficiente, haberá de aclarar o gasto realizado por outros medios.

d) Documentación acreditativa de realización dos pagamentos, que consistirá en orixinal ou copia compulsada da documentación bancaria dos pagamentos, ou documentos obtidos a través da banca electrónica. Presentarase xunto a cada documento de gasto o seu correspondente documento de pagamento ou o extracto bancario onde figure o cargo correspondente. Non se admitirán os pagamentos en efectivo. Os xustificantes bancarios de pagamento deben coincidir exactamente co importe da factura, IVE incluído. No caso de que o importe reflectido no documento bancario non coincida co importe do documento de gasto (pagamento agrupado), deberase remitir o detalle dos pagamentos efectuados xunto cos documentos de gasto, onde se poida identificar o gasto en cuestión.

e) No caso de imputación de gastos correntes xustificaranse cunha memoria detallada das imputacións do mesmo ás actividades do convenio. A memoria irá acompañada dunha certificación asinada polo director da entidade e das correspondentes facturas ou documentos de valor probatorio equivalente.

f) No suposto de que o importe do IVE supoña un custo real soportado pola entidade beneficiaria poderá ser considerado un gasto subvencionable. Neste caso deberase presentar un certificado relativo á situación da beneficiaria con respecto ao IVE. No caso de que o réxime do IVE sexa a pro rata, o gasto subvencionable calcularase en base a pro rata definitiva do último exercicio pechado antes da concesión da axuda, sendo responsabilidade da beneficiaria realizar os axustes correspondentes na liquidación das obrigas fiscais.

g) Tres ofertas de diferentes provedores cando o importe do gasto, no caso de adquisición de equipamento científico-técnico de material funxible non inventabiable e contratación de servizos ou subministracións e materiais, supere as contías establecidas para o contrato menor no global do proxecto cun mesmo provedor. Cando polas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades que os presten ou subministren, deberá achegarse unha xustificación de tal circunstancia. Se a elección entre as ofertas presentadas non tivese recaído na proposta económica máis vantaxosa, deberá achegarse unha memoria xustificativa.

Non obstante, no caso de que a entidade-beneficiaria reúna os requisitos previstos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público para ter a consideración de poder adxudicador deberán someterse á disciplina de contratación pública nos termos previstos no devandito texto legal.



h) Carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como os xuros derivados destes, conforme ao establecido no artigo 48.2.g) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

i) A beneficiaria deberá presentar a documentación por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. Así mesmo, os documentos de resumo da execución da subvención (Modelo 2. Anexo I), e de declaración responsable de outras axudas (Modelo 1. Anexo I) deberán enviarse tamén en formato electrónico (.xls, .xlsx, .org, .calc ou similar) ao enderezo electrónico xestion.acis@sergas.gal.

j) Se a entidade beneficiaria non xustifica o importe total das actuacións desenvolvidas e/ou non acada os obxectivos recollidos no convenio, a ACIS minorará a súa achega proporcionalmente, sempre e cando se acadara o obxecto do presente convenio.

Así mesmo, si a entidade beneficiaria presenta unha xustificación de gastos inferior ao anticipo percibido deberán acompañar á documentación presentada o xustificante de ingreso na conta da Comunidade Autónoma do importe percibido e non xustificado, sen prexuízo de que se lles poida ser esixida a devolución doutras contías anticipadas unha vez aprobada a xustificación polo órgano competente.

Oitava.- Natureza xurídica

O presente convenio ten natureza administrativa rexerese pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como, pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (nomeadamente ao abeiro dos seus artigos 19.4 e 26) e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada Lei.

De conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o presente convenio de colaboración está excluído do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante, de conformidade co previsto no artigo 4 da dita lei, aplicaranse os principios desta para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Novena.- Propiedade intelectual

En ningún caso as cláusulas do presente convenio supoñen a cesión ou transmisión de calquera dereito de propiedade intelectual ou industrial titularidade das partes.



Todos os dereitos derivados da execución deste Convenio de colaboración serán de titularidade e uso común das partes que interveñen na formalización do presente Convenio, sen que ningunha delas asuma a súa explotación ou uso exclusivo.

Para o non previsto expresamente nesta cláusula aplicaranse con carácter supletorio as normas contidas no Real Decreto Legislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual e na normativa de dereito da propiedade industrial.

Décima.- Protección de datos

De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, así como na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, ambas partes se comprometen a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal á que teñan acceso en virtude do presente convenio e ao deber de gardalos, sen que poidan ser utilizados para usos diferentes aos previstos no mesmo, facendo constar de maneira expresa que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigacións subsistirán incluso despois de concluída a presente colaboración.

Décimo primeira.- Non exclusividade

Este convenio non limita as partes para establecer acordos de colaboración con outros terceiros, se fose necesario, para accións relacionadas co obxecto do mesmo.

Décimo segunda.- Vixencia

O prazo de vixencia deste convenio vai dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Décimo terceira .- Réxime de modificación do convenio

De acordo co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser modificado coa finalidade de lograr os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira da Comunidade Autónoma de Galicia.

En todo caso, a modificación do contido do convenio requirirá acordo das partes asinantes.



Décimo cuarta.- Comisión de seguimiento

Constituirase unha Comisión de Seguimento, que se reunirá a instancia de calquera delas e que estará formada polos seguintes representantes:

Pola ACIS: A persoa que ostente a Xerencia ou persoa en quen delegue, o cal ostentará voto de calidade en caso de empate.

Pola Fundación: A persoa que asine o convenio ou persoa en quen delegue.

Son funcións desta comisión de seguimento:

- O seguimento do desenvolvemento e aplicación do presente Convenio e das actividades realizadas, así como a adopción de decisións sobre os mesmos.
- A coordinación das accións de apoio á protección, valorización e transferencia, e o desenvolvemento dos medios adecuados para a súa implementación, de ser preciso.
- A resolución daquelas dúbidas e desavinzas que puideren xurdir no cumprimento, execución ou interpretación deste Convenio.
- Modificación das cláusulas contidas no presente Convenio.

Décimo quinta.- Alteración das actividades subvencionadas

Toda alteración nas actividades subvencionadas a realizar deberán ser obxecto de autorización pola ACIS e formalizarse mediante a correspondente addenda ao presente convenio.

Décimo sexta.- Causas de resolución

Poderá dar lugar á resolución do Convenio:

1. A introdución de modificacións sen xustificación e sen previa autorización escrita da ACIS.
2. O incumprimento das cláusulas do convenio (total ou parcialmente), que a cada parte lle corresponden.
3. A suspensión do convenio por parte da ACIS por razóns de interese público.
4. O acordo expreso e por escrito das institucións asinantes.
5. A denuncia de calquera das partes asinantes, sempre que o notifique ás outras partes con dous meses de antelación á data de finalización da vixencia do convenio.

Décimo sétima.- Xurisdición

Este convenio ten natureza administrativa. As dúbidas que se poidan presentar sobre a súa interpretación resolveranse de mutuo acordo entre as partes pola Comisión de Seguimento. Non obstante, no caso de persistencia do desacordo, corresponderá á xurisdición contencioso administrativa resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir da súa interpretación e cumprimento.



Décimo Oitava.- Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e mailo o resto de especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no artigo 46 do Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos.

O presente convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E, para que así conste, asinan o presente convenio de colaboración no lugar expresado no encabezamento.

Pola Axencia Galega para a Xestión
do Coñecemento en Saúde,

Pola Fundación Instituto de
Investigación Sanitaria de Santiago de
Compostela,

Julio García Comesaña

Eloina Núñez Maside



ANEXO I. MODELOS DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA

Modelo 1: DECLARACIÓN DAS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE

PROCEDEMENTO			
ACORDO ENTRE A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE (ACIS) E A FUNDACIÓN INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (FIDIS) PARA A CONTINUIDADE DA UNIDADE MIXTA: "ROCHE-CHUS JOINT UNIT FOR PRECISION ONCOLOGY"			
DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE			
RAZÓN SOCIAL			NIF
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
DECLARA			
<input type="radio"/>			
Que non solicitou e non se lle concederon axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, autonómicos, estatais, da Unión Europea ou de organismos Internacionais			
<input type="radio"/>			
Que solicitou e se lle concederon (ou se está pendente de resolución de concesión), axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, autonómicos, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, como se indica a continuación:			
DENOMINACIÓN DO ORGANISMO, SOCIEDADE OU ENTIDADE PÚBLICA OU PRIVADA Á QUE FOI SOLICITADA A AXUDA	DATA DA SOLICITUDE	DATA DE CONCESIÓN (1)	IMPORTE



(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase PENDENTE nesta columna.
No caso de solicitudes denegadas farase constar como DENEGADA.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de



Modelo 2: INFORME ACTIVIDADES

ACORDO ENTRE A AXENCIA GALEGA PARA A DO COÑECEMENTO EN SAÚDE (ACIS) E A FUNDACIÓN INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (FIDIS) PARA A CONTINUIDADE DA UNIDADE MIXTA: "ROCHE-CHUS JOINT UNIT FOR PRECISION ONCOLOGY"		
1. Identificación da entidade beneficiaria		
Razón social	ACRÓNIMO	NIF
Domicilio Social		
Teléfono	Enderezo electrónico	
Persoa de contacto		
2. Identificación da actividade desenvolta:		
Denominación da actividade:	Código do proxecto:	
Representante legal da entidade beneficiaria:		
Data de inicio:	Data remate:	
Nome e apelidos e sinatura do representante legal:	Data	
A. GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS		
A.1 Describa as actividades e os fitos chave desenvoltos e tamén ao persoal implicado nelas.		



B. EXECUCIÓN DAS ACTIVIDADES

B.1. Situación xeográfica da actividade e localización dos equipamentos científico-técnicos nas instalacións do centro

B.2 Gastos realizados. Para cada un dos equipamentos científico-técnicos adquiridos deberá completarse a táboa que se indica

Número de identificación		
Tipo de gasto	Equipamento científico e técnico funxible non inventariable	<input type="checkbox"/>
	Adquisición de material informático de carácter especializado funxible e non inventariable	<input type="checkbox"/>
Concepto:		
Breve descripción:		



(deberase copiar a táboa tantas veces como adquisición de material teña o proxecto)
C. DIFUSIÓN DA ACTIVIDADE
C.1. Indique a difusión realizada da actividade.
D. IMPACTOS E REPERCUSIÓNS DA ACTIVIDADE
D.1. Impacto e repercusión obtidos ata o momento sobre as liñas e sobre o aumento das capacidades do centro derivados

